

PLENO DO DÍA 25-ABRIL-2007

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para compensar os posibles efectos negativos da aplicación da futura lei do territorio e do litoral de Galicia nas economías dos municipios galegos da costa

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor López Vidal.

O señor LÓPEZ VIDAL: Moitas gracias, señora presidenta.

Quixera empezar tamén como autor da iniciativa por unhas primeiras palabras nas que quixera dicir que eu creo, estou convencido de que o Grupo do Partido Popular está demasiado comprometido co ladrillo, co cemento e coa perlita, por que senón non se entende esta iniciativa parlamentaria unha iniciativa que vén a dicir que non, rotundamente outra vez máis se presentaron emendas de evolución, emendas parciais ao texto lexislativo como tal e agora nós presenta unha proposición non de lei que ven dicir que non a lei de loita contra a depredación e a especulación do litoral e que vén demandar e pedir compensacións por danos e prexuízos, veñen anunciando aquí como sempre nesta dinámica que se meteron ultimamente as grandes catástrofes, danos e prexuízos que vai ocasionar esta medida lexislativa, pero claro como sempre vostedes señores do Partido Popular parten de premisas falsas, de mentiras que diría o meu compañeiro o señor Cerviño mentiras sistemáticas, como sempre, a norma non produce efectos negativos e polo tanto non procede indemnizar un pouco de manual de dereito administrativo faría falta aquí nesta Cámara, todo o contrario por iso digo que esta proposición non de lei, señoría é un absoluto desatino, é unha ocorrencia das loitas que vostedes teñen e que pretenden destrozarse un texto lexislativo que por certo dentro de poucos días estará na aprobación nesta Cámara pero bueno vostedes están na campaña de promoción por que parece ser que se cheiran cambios dentro do Partido Popular entonces hai que facer méritos antes inteviña un deputado que está na carreira, na competición, acto seguido intervén vostede señoría por que hai que substituír ao señor Barreiro que pronto pasará a ser xefe da oposición na Deputación de Lugo e entón polo tanto se están repartindo a herdanza aínda como dicía o refrán o da pel do oso, hai que esperar un

pouquiño e tempo ao tempo. Pero bueno vostedes sigan nesa carreira que están moi acostumados, pero claro hai que ter un pouquiño e rigor e de credibilidade, por que señor os seus compañeiros non nós van a poder apoiar e sobre todo hai que ter un pouquiño de sentidiño cando se dan propostas a este Parlamento.

A lei de medidas urxentes que protexe o territorio e pretende ordenar o litoral, un litoral que xa diciamos nesta Cámara fermoso, vulnerable e desordenado, que foi ocupado de xeito indiscriminado durante dezaseis anos e isto si é o que ocasiona graves prexuízos, elevados custos enerxéticos, deconstrución e mantemento das infraestruturas, deprestación dos servizos públicos para todos os cidadáns, segregación social e especial, de degradación da paisaxe e do patrimonio cultural e en definitiva de perda de identidade territorial, recordar que neste país temos máis de 1700 quilómetros de costa que son a nosa sinal de identidade.

Isto xenerou todo un debate social e político par apoñer coto aos demans urbanísticos que se viñan producindo desde hai moito tempo na costa e que vostedes non miraron.

Fíxose un anuncio público por parte do goberno da Xunta con luz e taquígrafos, non as agochadas como se facía sempre antes, que se manexaba información para uns poucos privelexiados e se redactou un proxecto de lei que trata de controlar estas desfeitas, por certo neste proxecto participou a federación galega de municipios e provincias e distintos axentes sociais implicados.

Por que agora si acabouse aquilo de que todo vale, os únicos que non participaron son vostedes que constantemente o intentan perturbar e acabouse o todo vale e acabouse aquilo de que a costa sexa para as inmobiliarias, pois non é para as inmobiliarias é para os cidadáns e vostede quere que siga sendo para as inmobiliarias.

Presidente da Xunta hai uns días creo que foi antonte viña a dicir que o desenvolvemento substentable non é unha limitación se non unha oportundiade para o país, unha oportunidade que tanto necesita este país, e dicía que o urbanismo é un espacio para construír en común e non para confrontar, pero bueno esperemos despois das municipais que os cidadanos nos poñan a cada quen no seu sitio e falaremos por que agora vai ser imposible, por que están

... quen no seu sitio e falaremos porque agora vai ser imposible porque están instalados nesta cultura que tanto triunfa entre vostedes, Acebes zaplanista e vai ser imposible chegar a ningún acordo. Pero despois das municipais seguirémolo intentando.

Hai un instrumento normativo que pon en valor a costa, que este ano énos a carta de presentación, que pretende evitar situacións irreversibles e que pretende que non se estrague a costa galega. Esta norma ten un carácter transitorio, os concellos adapten o seu planeamento á normativa vixente ou cando entre en vigor o Plan de ordenación do litoral que agora si o novo Goberno da Xunta está a redactar. Porque vostedes foron incapaces desde a lei do 95 de poñelo en marcha, nin de redactalo nin de aprobado.

E moi ben decía a conselleira de Política Territorial que agora se vai acabar co urbanismo depredador, se vai instaurar neste país un urbanismo sensato e acorde cos proxectos vitais das personas, de todas as personas, non de catro amigos. E para iso se pon en marcha tamén dentro deste instrumento legislativo que vostedes están constantemente atacando o Instituto de estudos do territorio que se vai encargarse de elaborar plans municipais tan necesarios para o concello, é dicir, vámoslle dar a caña, non o peixe e que cubre unha necesidade primordial. E tamén se arbitra unha partida de máis de 40 millóns de euros para financiar solo e exclusivamente planeamento para os concellos. É dicir, haberá instrumento, medios e recursos para planificar de xeito ordenado e adaptado á norma xurídica que é como ten que facerse as cousas.

Fala vostede de repercusións económicas altamente positivas para a costa e para todos os cidadáns que viven nelas, e para o país. Por certo, repercusións económicas para a costa e para o interior, que vostede sempre se esquece do interior. E para iso hai que salir das cavernas, viaxar un pouquiño, abandonar a leira e ir un pouco polo país. Vaia vostede a Asturias, a Cantabria, ao País Vasco, a Cataluña, que xa puxeron o seu Plan de ordenación do litoral en vigor e vexa como van as cousas. Os concellos non van sufrir ningún tipo de efectos negativos senón máis ben todo o contrario, vanse ver beneficiados polo crecemento sostible, harmónico e nun entorno axeitado para o futuro. Irán da man do entorno e non a patadas con el como iban ata o de agora. Vai haber claras repercusións positivas no ámbito do turismo, do comercio e do patrimonio ambiental, e iso xa está perfectamente evaluado.

Indemnización por daños e perxuícios. Decía, señoría, que cando se vén a esta tribuna hai que falar con rigor... (*Interrupcións.*) (*Risos.*) –non, *mortis* falaban outros– e seriedade. Xuridicamente a proposta que vostedes fan é que non ten ningún tipo de sustento, non caben nin proceden compensacións económicas. A norma afecta a desenvolvementos urbanísticos non aprobados, polo que non existen dereitos patrimonializados para poder falar de indemnización. Vostedes, señor Ruíz Rivas, si que terían que asumir responsabilidades por ser incapaces en dezaseis anos de goberno de ter un modelo territorial que primase o interese xeral sobre os intereses particulares. Porque sempre gobernaron pensando en unhas poucas e esquecendo ao resto dos mortais aos que lles foi moi ben, claro, a unhas poucas, ¿e ao resto? E iso está á vista de todos.

Compensar as modificacións urbanísticas feitas polo seu partido, ao que vostede votou moitas veces neste hemiciclo. Eu creo que para compensar as desfeitas que vostedes fixeron non chegarían tres orzamentos da Comunidade Autónoma. Habería que subhastar algo e non digo que habería que subhastar porque tería que ser algo moi importante para poder facer fronte ás indemnizacións xudiciais. Porque, lle recordo, a Lei 11/85, Lei 7/95, Lei 10/95, Lei 1/97, Lei 9/2002, circular interpretativa 1/2003, e, por último, Lei 15/2004. Cada unha delas ten a súa autoría. Isto, con este panorama lexislativo, foi imposible neste país regular, ordenar e planificar. E agora teñen a pouca vergonza de aparecer aquí e plantexar este tipo de iniciativas.

Xa non me dá tempo de falarlle do Fondo de cooperación local que tamén vostede pide unha ampliación do Fondo de cooperación local de 20 millóns de euros. Cando este Goberno incrementou ese fondo –que vostede non sabía nin que existía nin que estaba na Lei de orzamentos–, incrementouno nun 36,1%, por certo, e firmou o pacto local despois de dezaseis anos. Un esforzo importante do Goberno galego ao cal se lle destinan 102,3 millóns de euros para o ano 2007.

E me chama moito a atención, señor Ruíz Rivas, que faga unha proposta de incremento do Fondo de cooperación local, iso si, para os concellos da Galicia atlántica. Volvemos coa fenda: a Galicia do interior e a Galicia atlántica, os outros non existen para vostedes.

E remato xa, señora presidenta, dicindo que vai a ser que non, non podemos apoiar esta iniciativa, queremos que a Lei de medidas urxentes de ordenación do litoral é unha medida

positiva que está pensada para protexer ao país, para poñer en valor o territorio e para establecer criterios de sostibilidade. Así estamos porque vostedes nos deixaron este país, pero andaremos e veremos.

Nada máis e moitas gracias